

XXX

Reclamante: Naviera Mar De Ons S.L
Expediente. Nº **RSCTG 159/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, en representación de Naviera Mar De Ons S.L, mediante escrito do 12 de maio de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de xuño de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX, en representación de Naviera Mar De Ons S.L presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de maio de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con data 13 de marzo de 2023, de acceso á información pública sobre as entidades navieiras autorizadas para o desembarco de visitantes nas Illas Cíes en período de transporte regular marítimo de pasaxeiros no ano 2023, cos seus correspondentes horarios.

XXX indica que transcorrido o prazo de resposta, non recibiu contestación á súa solicitude.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude asinada con certificado dixital de representante de persoa xurídica.

Segundo. Con data do 23 de maio de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 12 de xuño de 2023 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contesta a petición remitindo o informe e copia do expediente tramitado.

No informe, en síntese indica que pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural solicitouse informe ao Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con data do 24 de maio de 2023. O Director-Conservador do Parque emitiu informe no que fai constar que con data 17 de marzo de 2023, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural celebrou unha reunión con todas as navieiras que operan no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas no que un grupo de ditas navieiras negouse a participar, por non querer estar na reunión cunha das empresas asistentes, polo que a Dirección Xeral, para achegar posturas con todas as navieiras, accedeu a ter outra reunión o día 17 de abril de 2023 con entre outras, a empresa reclamante, na que se reiterou que os horarios serían os de sempre, que xa estaban anunciando as navieiras, incluída a solicitante de información.

Indica a Dirección Xeral que os horarios, frecuencias e peiraos de atraque autorizados son os que se veñen reiterando en todas as “Autorizacións Extraordinarias para o desembarco de visitantes nas Illas Cíes (Parque Nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas de Galicia) en período de transporte regular de pasaxeiros”, outorgadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural ás empresas navieiras desde o ano 2018 ata a actualidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda non resolveu a solicitude de acceso á información expresamente, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A entidade interesada solicitou ante a Consellería acceso á información sobre as entidades navieiras autorizadas para o desembarco de visitantes nas Illas Cíes en período de transporte regular marítimo de pasaxeiros no ano 2023, cos seus correspondentes horarios, sen que pola dita Consellería se ditase resolución expresa sobre a solicitude presentada.

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública no que o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra, é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma, que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións.

O obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

Se ben no presente caso, do informe remitido pola Consellería podería constatarase que a entidade reclamante xa se lle tiña ofrecido a información solicitada, sen que houbera

modificación dos datos ofrecidos no seu momento, que é causa de inadmisión da solicitude de acordo co Criterio Interpretativo 3/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, iso non implica que o órgano competente non teña a obriga de ditar resolución expresa sobre a solicitude de acceso á información presentada.

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, lembrando á Consellería que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX, en representación de Naviera Mar De Ons S.L con data do 12 de maio de 2023, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con data 13 de marzo de 2023, de acceso á información pública sobre as entidades navieiras autorizadas para o desembarco de visitantes nas Illas Cíes en período de transporte regular marítimo de pasaxeiros no ano 2023, cos seus correspondentes horarios.

Segundo: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, dite resolución expresa sobre a solicitude presentada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da resolución ditada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

XMaría Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.